



UniversidadeVigo

Facultade de  
Ciencias da Educación  
Campus universitario  
32004 Ourense (España)

Tel.: 988 387 101 / 988 387 159  
masterdiversidade.webs.uvigo.es  
masterdiversidade@uvigo.es

uvigo.gal



UniversidadeVigo

Facultade de  
Ciencias da Educación

## Máster en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos

Convivir coa diversidade, e sobre todo aprender de e con ela, é un requisito necesario para o desenvolvemento harmónico das sociedades actuais. O sistema educativo escolar, a educación non formal e o traballo social son un fiel reflexo da sociedade diversa e plural. Por iso, as institucións e profesionais que exercen neles deben estar preparados/as para garantir a igualdade de oportunidades, a compensación das desigualdades e o dereito á diferenza.

Este Máster, de carácter público e oficial, nace no ano 2008 no seo dunha facultade caracterizada por un enfoque multidisciplinar na formación de educadores/as e traballadores/as sociais.

### Profesorado

O Máster conta cun cadro de docentes e investigadores/as especialistas en diferentes campos da diversidade, así como con profesionais externos que prestan servizos en diversos contextos da intervención educativa.

### Matrícula

#### Nº de prazas

Oferta total 35 prazas

- 25 prazas: Graduado/a en Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Social, Traballo Social, Pedagogía ou Psicoloxía
- 6 prazas: outros títulos Universitarios Oficiais Españóis
- 4 prazas: estudiantado estranxeiro con estudos relacionados coa educación ou a intervención social ou socioeducativa

Criterio selección alumnado: expediente académico

#### Perfil de acceso

- Persoas que se interesan polo desenvolvemento humano e comunitario
- Persoas que saben e queren continuar aprendendo a traballar en grupo, en equipos multidisciplinares e en contextos de diversidade
- Persoas que posúen e desexan seguir desenvolvendo a súa capacidade crítica, autocrítica e compromiso ético
- Persoas que se interesan pola formación democrática e solidaria e a resolución de conflitos



“ Actualización e reflexión sobre unha diversidade de temas educativos e sociais que todo docente debería de coñecer. ”

M.S.S.S. Curso 2017-2018  
Mestra en exercicio de Audición e Linguaxe.

### Prezo

Públicos, aprobados cada curso pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Taxa curso 2018-2019: 21,61 euros/crédito

### Horarios e asistencia

Xoves e venres (16.00-21.00 h) e sábados (10.00-14.00 h)

### Calidade

Este Máster está reacreditado pola ACSUG e a Facultade de Ciencias da Educación na que se integra é un Centro Certificado FIDES-AUDIT, que ademais conta coa Certificación Institucional. Amais, este título dispón dun sistema de control de calidade propio que permite coñecer cada curso as súas principais fortalezas/debilidades para melloralo de forma dinámica e continua.

Grao de satisfacción do alumnado 2017-2018: 4,06 (sobre 5)

Módulo	Materia	ECTS	Tipo	Cuad.
<i>Módulo I</i> Interculturalismo e educación	Interculturalismo en contornos socio-educativos	4.5	OP	1º
	Interculturalismo en contextos escolares	4.5	OB	1º
	Ensino e aprendizaxe da/s lingua/s da sociedade de acollida	4.5	OP	1º
<i>Módulo II</i> Desenvolvemento comunitario e compensación das desigualdades	Desenvolvemento comunitario	4.5	OP	1º
	Compensación das desigualdades na educación	4.5	OB	1º
<i>Módulo III</i> Procesos formativos en persoas adultas	Calidade de vida para as persoas maiores	4.5	OP	1º
	Educación de adultos	4.5	OB	1º
<i>Módulo IV</i> Xénero e educación	Da inxustiza da desigualdade á riqueza da diferenza	4.5	OP	1º
	Xénero e educación	4.5	OB	1º
<i>Módulo V</i> Necesidades educativas especiais	Calidade de vida das persoas con discapacidade	4.5	OP	2º
	Medidas de atención á diversidade para persoas con altas capacidades	4.5	OP	2º
	Medidas de atención á diversidade para alumnas/os con necesidades educativas	4.5	OB	2º
<i>Módulo V</i> Prácticum e TFM	Prácticum	12	OB	2º
	Traballo Fin de Máster	12	OB	2º

“ Este mestrado dáche a posibilidade de coñecer a profesionais de diferentes áreas, os cales favorecen un enriquecemento dos teus propios coñecementos ao aportar diferentes puntos de vista para responder a un mesmo problema. ”

N. F. V. Curso 2018/2019  
Opositora



“ Este Máster garante unha boa formación académica-profesional, xa que abrangue distintas áreas que promoven o desenvolvemento de competencias multidisciplinares, posibilitando múltiples saídas profesionais. O profesorado do Título está especializado e conta con unha ampla experiencia. ”

G.S.M. Curso 2013-2014  
Diplomada en Maxisterio e Licenciada en Psicopedagogía Investigadora de la Universidad de Vigo (FPU)